



## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

### ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

**CÓDIGO DA SERIE:** 731

**DENOMINACIÓN:** Expedientes de autorizacións de modificación de prezos de bens ou servizos de produtos estratéxicos (Comisión de prezos de Galicia).

**Función:** Comercio e Consumo. Comercio. Ordenación

**ÓRGANO PRODUTOR:**

Consellería de Industria, Enerxía e Comercio. Dirección Xeral do Comercio  
(09-09-1983/15-09-1983).

Consellería de Economía, Facenda e Comercio. Dirección Xeral de Comercio  
(13-10-1983/04-04-1984).

Consellería de Industria, Enerxía e Comercio. Dirección Xeral de Comercio  
Subdirección Xeral de Comercio  
(20-04-1985/02-03-1986).

Consellería de Traballo, Industria e Turismo/Dirección Xeral de Industria,  
Comercio e Consumo/Subdirección Xeral de Comercio  
(03-03-1986/28-01-1987).

Consellería de Traballo, Industria e Turismo/Dirección Xeral de Industria e  
Comercio/Subdirección Xeral de Comercio

---

**Arquivo de Galicia.** Identificación e avaliación de series documentais.

COMERCIO E CONSUMO

731: Expedientes de autorizacións de modificación de prezos de bens ou servizos de produtos estratéxicos  
(Comisión de prezos de Galicia).



## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

(29-01-1987/04-03-1988).

Consellería de Industria, Comercio e Turismo. Dirección Xeral de Comercio.  
Subdirección Xeral de Xestión do Comercio  
(04-03-1988/05-02-1990).

Consellería de Industria e Comercio. Dirección Xeral de Comercio e Consumo.  
Subdirección Xeral de Comercio  
(22-03-1990/19-01-2003).

Consellería de Innovación, Industria e Comercio. Dirección Xeral de Comercio e Consumo.  
Subdirección Xeral de Comercio  
(21-01-2003/08-11-2005).

Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Comercio e Consumo  
Subdirección Xeral de Comercio.  
(09-11-2005/21-12-2006).

Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Comercio. Subdirección  
Xeral de Comercio  
(22-12-2006/17-06-2009).

Consellería de Economía e Industria. Dirección Xeral de Comercio. Subdirección  
Xeral de Comercio  
(18-06-2009/        ).



Arquivo de Galicia

## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

### DATAS EXTREMAS:

1982/

No Arquivo de Galicia. Tambre: 1982/1999.

### CARACTERES EXTERNOS:

CLASE: textual

SOPORTE: papel

FORMATO: expediente

FORMA: orixinal

VOLUME: 55 unidades de instalación. 7.8 m.l. (Arquivo de Galicia. Tambre).

### DEFINICIÓN DO CONTIDO:

Expedientes tramitados para a aprobación dos "prezos autorizados e comunicados" de ámbito provincial que tiñan asignados as comisións provinciais, así como a aprobación das tarifas dos servizos públicos de competencia local que tiñan asignados os gobernadores civís e que foron transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 1634/80, do 31 de xullo ( art. 23). O órgano competente para a aprobación dos prezos dos bens é a Comisión de Prezos de Galicia.

Os prezos intervidos son os de determinados bens e servizos que a administración por razón de política económica necesita controlar. Existen dous réximes: os prezos autorizados, aqueles que requiren da aprobación dun órgano da administración, e os prezos comunicados, que son os que debe ser comunicada a súa modificación á administración con anterioridade á data da súa aplicación.

Na actualidade son obxecto de revisión e/ou aprobación de prezos os dos seguintes servizos: en réxime de prezos autorizados: servizo de abastecemento

---

**Arquivo de Galicia.** Identificación e avaliación de series documentais.

COMERCIO E CONSUMO

731: Expedientes de autorizacións de modificación de prezos de bens ou servizos de produtos estratéxicos (Comisión de prezos de Galicia).



## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

de augas á poboación; servizo urbano de viaxeiros (autobuses e taxis). En réxime de prezos comunicados: os servizos de clínicas e hospitais.

### LEXISLACIÓN:

#### Estatal

Decreto 2226/1977 do 27 de agosto, que modifica os decretos 3474/1974 no relativoa autorizacións de aumento de tarifas de servizos de competencia local (BOE nº 207, do 30 de agosto 1977).

Orde do 30 do setembro de 1977 de normas complementarias ao decreto 2226/1977, sobre tramitación dos expedientes dos servizos de competencia local (BOE nº 241, do 8 outubro de 1977).

Real Decreto 2695/1977, do 28 de outubro, sobre normativa en materia de prezos (BOE nº 260, do 31 outubro 1977).

Real Decreto 1947/1979, do 3 de agosto, pola que se constitúe a Comisión Interministerial para o estudo do transporte urbano e se modifica o procedemento de fixación do prezo (BOE nº 191, do 10 de agosto 1979).

Real Decreto 1634/80, do 31 de xullo, sobre transferencias da Administración do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de traballo, industria, comercio, sanidade cultura e pesca (BOE núm. 13, do 1 de outubro).



## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Real Decreto 7/1996, do 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica (BOE nº 139, do 8 de xuño 1996).

### **Autonómica**

Decreto 25/1980, do 15 de outubro, polo que se asignan as competencias transferidas a Xunta pola Administración do Estado en materia de industria e comercio á Consellería de Industria, Comercio e Turismo (DOG núm. 15, do 15 de decembro).

Acordo do 15 de decembro de 1980, polo que se aproba a regulación provisional da Comisión de Prezos de Galicia (DOG núm. 17, do 15 de febreiro de 1981).

Decreto 9/1981, do 23 febreiro, polo que se regula a Comisión de Prezos de Galicia (DOG nº 19, do 15 de abril de 1981).

Decreto 23/ 1984, do 23 do febreiro polo que se regula a composición e funcións da Comisión de Prezos de Galicia (DOG nº 46, do 7 de marzo de 1984).

Decreto 106/1984, do 24 do maio, polo que se modifica e regula a composición e funcións da Comisión de Prezos de Galicia. (DOG nº 134, do 13 de xullo de 1984).

### **PROCEDIMENTO:**

**Códigos do procedemento:** IN 204A / IN 205A / IN 206A.

---

**Arquivo de Galicia.** Identificación e avaliación de series documentais.

COMERCIO E CONSUMO

731: Expedientes de autorizacións de modificación de prezos de bens ou servizos de produtos estratéxicos (Comisión de prezos de Galicia).

## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

IN 204A: Autorización de prezos dos servizos de transporte urbano de viaxeiros en autobús (1993/ ).

IN 205A: Autorización de prezos do transporte urbano de viaxeiros en autotaxis (1993/ ).

IN 206A: Autorización de prezos dos servizos de abastecemento de auga a poboación (1993/ ).

### **Trámites:**

O procedemento de tramitación para a modificación de tarifas de servizos de competencia local é o seguinte:

- Nos servizos que non estean directamente xestionados polas corporacións locais, iniciarase o expediente previa solicitude da entidade xestora ou concesionaria. Na petición expresará as razóns que xustifiquen a modificación acompañada do estudo económico que sirva de base para a proposta de modificación.
- O Pleno do concello deberá emitir informe motivado dobre a modificación solicitada e enviará o expediente á Xunta de Galicia, acompañado da certificación do acordo onde conste o informe do pleno.
- Cando o servizo estea xestionado directamente pola corporación local, o expediente será iniciado por acordo do Pleno sobre a conveniencia e oportunidade da modificación, observándose os mesmos tramites e requisitos citados.
- Recibido o expediente na Dirección Xeral competente, solicitarase informe dos servizos técnicos correspondentes.
- Unha vez recibidos os informes anteriores, a dirección xeral convocará a Comisión de Prezos de Galicia para que ditamine.
- Ditado de resolución polo director xeral.

---

**Arquivo de Galicia.** Identificación e avaliación de series documentais.

COMERCIO E CONSUMO

731: Expedientes de autorizacións de modificación de prezos de bens ou servizos de produtos estratéxicos (Comisión de prezos de Galicia).



## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Notificación aos interesados.

### DOCUMENTOS QUE FORMAN A UNIDADE DOCUMENTAL:

- AUTORIZACIÓN DE PREZOS DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS (IN 204A)

Tramitación inicial pola corporación municipal, a instancia do órgano ou entidade xestora ou concesionaria do mesmo; ou pola empresa prestadora ou concesionaria do servizo se existe silencio administrativo maior de 15 días por parte da administración municipal.

- Solicitude normalizada á consellería acompañada de:
  - Estudo económico xustificativo da modificación da tarifa.
  - Estudo técnico.
  - Informe municipal motivado; se existe silencio administrativo, no prazo de 15 días pode elevalo directamente a empresa á Dirección Xeral de Comercio.
  - Outra documentación que o solicitante considere xustificativa.
  - Informe motivado da corporación municipal dirixido á Dirección Xeral de Comercio (no caso de que se inicie o trámite por parte do concello).
- Informe da Comisión de Prezos de Galicia.
- Resolución do Director Xeral de Comercio.
- Oficio de comunicación da resolución .

- AUTORIZACIÓN DE PREZOS DO TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOTAXI (IN 205A).

Tramitación inicial pola corporación municipal (corporación titular do servizo) a instancia do órgano ou entidade xestora ou concesionaria do mesmo incluirá:

---

**Arquivo de Galicia.** Identificación e avaliación de series documentais.

COMERCIO E CONSUMO

731: Expedientes de autorizacións de modificación de prezos de bens ou servizos de produtos estratéxicos (Comisión de prezos de Galicia).



## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Solicitud normalizada á Dirección Xeral de Comercio. Acompañada de:
  - o Solicitud ao concello (á intervención municipal no caso de concellos de máis de 10.000 habitantes e ao pleno municipal no caso de concello de menos de 10.000 habitantes).
  - o Estudio económico xustificativo do aumento da tarifa.
  - o Estudo técnico.
  - o Documentación xerada na tramitación municipal.
  - o Outra documentación que o solicitante considere xustificativa.
  - o Informe motivado da Corporación municipal dirixido á Dirección Xeral de Comercio.
- Informe preceptivo non vinculante da Comisión de prezos.
- Resolución do director xeral de Comercio.
- Oficio de comunicación da resolución.
- AUTORIZACIÓN DE PREZOS DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA Á POBOACIÓN (206A).

Tramitación inicial pola corporación

- Solicitud do alcalde á consellería acompañada de:
  - o Estudo técnico.
  - o Estudio económico.
  - o Documentación que produce o trámite municipal (informe do pleno da corporación sobre a modificación solicitada (cantidades e porcentaxes); tarifas vixentes; certificacións do acordo plenario; certificación da exposición ao público; certificacións de posibles reclamacións. Outra documentación que o solicitante considere xustificativa
- Informe da Comisión de prezos de Galicia.

---

**Arquivo de Galicia.** Identificación e avaliación de series documentais.

COMERCIO E CONSUMO

731: Expedientes de autorizacións de modificación de prezos de bens ou servizos de produtos estratéxicos (Comisión de prezos de Galicia).





Arquivo de Galicia

## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Resolución do Director xeral de comercio.
- Comunicación da resolución.

### ORDENACIÓN

Cronolóxico-numérica (nº de expediente).

### INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN/CONTROL

Bases de datos do Arquivo de Galicia: IN03(76-00)94-04.mdb  
IN-CTD(75-96)94-97.mdb.

## ÁREA DE VALORACIÓN

### VALOR ADMINISTRATIVO:

Si, durante a tramitación do expediente e ata a nova revisión de prezos.

### VALOR LEGAL-XURÍDICO:

Si, como testemuño da autorización e a súa vixencia é a mesma que a do seu valor administrativo.

### VALOR INFORMATIVO-HISTÓRICO:

Si, deixan constancia das modificacións destes prezos ao longo do tempo.

### SERIES RELACIONADAS:

### SERIES PRECEDENTES:

---

**Arquivo de Galicia.** Identificación e avaliación de series documentais.

COMERCIO E CONSUMO

731: Expedientes de autorizacións de modificación de prezos de bens ou servizos de produtos estratéxicos (Comisión de prezos de Galicia).

Arquivo de Galicia

## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

### **SERIES PARALELAS:**

### **SERIES SUBORDINADAS:**

### **SERIES DUPLICADAS:**

### **SERIES DESCENDENTES:**

### **SERIES COMPILADORAS:**

- Actas da Comisión de Prezos de Galicia.

### **PRAZO DE TRANSFERENCIA:**

Ao Arquivo Central ao ano de finalizar o trámite administrativo.

Ao Arquivo Intermedio / Histórico, a mostra resultante da selección, aos cinco anos do seu ingreso no arquivo Central.

### **RÉXIME DE ACCESO:**

Libre, con carácter restrinxido aos datos persoais conforme á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (art.º 37), á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (art. 11) e ao Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro que aproba o Regulamento que a desenvolve (art. 27).

A liberalización da súa consulta prodúcese aos 50 anos da data do documento, de acordo coa Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (art. 57).



## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

### ÁREA DE SELECCIÓN

#### Referencias ao ditaminado por outras comisións de avaliación:

Cataluña: conservación permanente. Conservan as actas da comisión.

#### Proposta:

Tendo en conta os valores citados anteriormente propónse unha conservación parcial. Conservaranse as resolucións, eliminando o resto da documentación aos 5 anos de rematar o trámite, unha vez que se comprobe a existencia das actas da Comisión de Prezos de Galicia

### ÁREA DE NOTAS

- IDENTIFICACIÓN. Denominación. En Cataluña denomínanse "Expedientes da Comisión de prezos de Cataluña".
- IDENTIFICACIÓN. Datas extremas. No Arquivo de Galicia existe tamén documentación da etapa Preautómica, en concreto do ano 198.
- IDENTIFICACIÓN. Volume. Pendente da revisión final das bases de datos.



## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- IDENTIFICACIÓN. Procedemento. Aínda que hai tres códigos diferentes faise un só estudo xa que o procedemento para a concesión deste tipo de autorizacións, unha vez chegado á Xunta de Galicia, é o mesmo (e todas as solicitudes deben informarse pola Comisión de Prezos de Galicia), aínda que iniciado de diferentes maneiras segundo o caso,

### Expedientes tipo:

Augas:	002146-0000	Concello de Ribadeo.
Autotaxis:	010429-0001	Concello de A Coruña.
Autobús:	010434-0000	Concello de Vigo.
Sanidade:	010440-0002	Hospital Provincial de A Coruña.

## ÁREA DE CONTROL

Data de elaboración: marzo de 2012.

Revisión: xaneiro de 2013.